



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

### **NORMATIVA PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DOS MAIOS 2021 DE PONTEDEUME**

1º - No Concurso de Maios poderán participar todas aquelas persoas e entidades que o desexen.

2º- Por cada maio terá que cubrirse unha solicitude independentemente de que sexa presentado de forma individual ou presentada por un grupo (asociación, clase escolar, etc...)

3º - Na creación do Maio pódese usar todo tipo de flores, valorarase positivamente que as flores sexan de temporada.

4º- Cada Maio poderá vir acompañado dunha poesía ou cantiga que os participantes poderán ler ou cantar.

5º- Puntuarase cubrir con verde (mirto, fiuncho, xesta, etc) as partes do Maio, varas, patas, madeiras, etc.

6º- Puntuarase a figura, dificultade, elementos vexetais, etc.

7º- Valorarase negativamente levar á vista cartóns, cordas, elementos plásticos, arames, madeiras, etc.

8º - Por mor da pandemia, este ano non se levará a cabo a concentración dos Maios nos Xardíns de Lombardero para evitar a concentración de persoas seguindo as indicacións da Consellería de Sanidade polo que cada maio realizará o pasarrúas de maneira individual polas distintas rúas da vila evitando na medida do posible a coincidencia con outros Maios no mesmo sitio.

Deste xeito, a exposición dos Maios realizarase en dous días, sendo o venres o día adicado aos centros escolares e o sábado para o resto de persoas e entidades que desexen participar. Os Maios poderán depositarse nos Xardíns da Casa da Cultura o venres de 9h- 14h e o sábado de 10 a 14h – e de 15 a 18h

9º - As solicitudes de participación deberán formalizarse no Departamento de Cultura do Concello, en horario de 9:00 a 14:00 h. No momento da inscrición deberán deixar un enderezo no que recibirán o diploma ou trofeo en caso de ser premiado.

10º - O prazo de inscrición para o concurso abrirase o día 19 de abril, e rematará o día 30 de abril.

11º - O xurado ten a potestade de eliminar do concurso aqueles Maios que considere que non reúnen as condicións necesarias para ser considerados como tales, en base a súa construción e elementos que o forman ou que non reúnan un mínimo de calidade para poder acceder ao premio de participación.

12º- Os premios poderían quedar desertos de non existires Maios de calidade a xuízo do xurado.

13º – A decisión do xurado é inapelable e estará composto por persoas directamente relacionadas coa elaboración e construción de maios. O xurado terá potestade para resolver os problemas que xurdan durante o concurso.

14º- A composición do xurado comunicáraselle aos participantes e público en xeral publicándose no



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

taboleiro situado nos baixos do Concello.

15º- A organización resérvase o dereito de cancelar o concurso ou resolver os imprevistos sen estar obrigada a comunicarllelo previamente aos participantes.

16º - Establecese dúas categorías, Maio pequeno (aproximadamente ata 75 cm de altura desde a base onde está o Maio colocado, non se contara a altura das patas de soporte, 60 cm ancho e 90 cm de largo de corpo do Maio, non se contabilizara a lonxitude dos brazos de transporte), en cada unha delas concederanse tres premios:

Categoría Maios Grande

Categoría Maios Pequenos

1º Premio: Diploma ou Trofeo

1º Premio: Diploma ou Trofeo

2º Premio: Diploma ou Trofeo

2º Premio: Diploma ou Trofeo

3º Premio: Diploma ou Trofeo

3º Premio: Diploma ou Trofeo

17º- A participación no concurso implicará a aceptación da presente normativa.

Pontedeume, 14 de abril de 2021

